

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MUROS CELEBRADA O
DÍA 25 DE XANEIRO 2018

Hora de comezo: 20.30 h.

Hora de remate: 22:10 h.

Persoas asistentes:

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)
D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)
D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)
D. José Vázquez Rama (PP)
D^a Alianza Uhía Patiño (PP)
D. José Ángel Hermida Simil (PP)
D^a Caridad González Cerviño (PSOE)
D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)
D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)
D. Manuel María García Fernández (BNG)
D^a Paula Simal Mayo (BNG)

Ausente:

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

Secretaria en ACUMULACIÓN: Rosa Ana García Fernández

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación *ope legis* dos borradores/minutas das sesións que deseguido se detallan, no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986):

a) Minuta/borrador da sesión celebrada o 30 de novembro de 2017: N° 13/2017.

b) Minuta/borrador da sesión celebrada o 19 de decembro de 2017: N° 14/2017.

A Sra. alcaldesa pregunta se algunha persoa quere facer alegacións ás actas das sesións mencionadas na Orde do Día. D^a Inés Monteagudo, voceira do PP manifesta: “ Na acta do 30 de novembro, no punto 2 menciónase que a moción conxunta sometida a pleno foi por iniciativa do BNG cando realmente foi por iniciativa do g.m. do PP. Consta como ausente-presente, na sesión de decembro o Sr. Vázquez Rama que en realidade estivo ausente. Así mesmo existe un erro na numeración das actas da Xunta de Goberno do punto 9, (por erro fíxose constar o nº 9 na Orde do Día, pero é o 3).

Efectivamente por erro, faise constar que a acta nº 31 é a de 19 de decembro cando en realidade é a de 27 de novembro.

Con estas alegacións as actas das sesións plenarias de 30 de novembro e 19 de decembro quedan aprobadas, por unanimidade das persoas asistentes no primeiro caso e coa abstención, por ausencia á sesión, no segundo caso do Sr. Vázquez Rama.

DA COMISIÓN DE HONRAS E GALARDÓNS

2. SOLICITUDE DE NOMEAMENTO DE D.JUAN JESÚS GESTAL OTERO COMO FILLO PREDILECTO E OUTORGAMENTO DA MEDALLA DA VILA DE MUROS.

A Sra. alcaldesa manifesta: “Esta é unha solicitude avalada por todos os grupos políticos, procedendo a continuación á lectura da proposta, que é recollida a continuación:

“Os abaixo asinantes, voceiros dos grupos municipais con representación no Concello de Muros, EXPOÑEN:

Que ao abeiro do vixente REGULAMENTO DE HONRAS E GALARDÓNS do Concello de Muros, que aprobado foi en Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal de Muros, en data 30 de decembro de 1997, propoñen ao Pleno da Corporación Municipal Muradana o nomeamento de FILLO PREDILECTO e outorgamento da MEDALLA DA VILA DE MUROS ao egrexio Muradán Don JUAN JESÚS GESTAL OTERO, persoa que prestou servizos extraordinariamente relevantes aos intereses xerais do municipio, e que polos seus propios méritos acadou un prestixio social excepcional no eido en que desenvolveu a súa actividade profesional e que co seu especial vencellamento a Muros, contribuíu e contribúe a mellorar a imaxe do municipio alén das nosas fronteiras.

Para mellor resolver da Corporación Municipal, facemos mención dos méritos que concorren na persoa de Don Juan Jesús Gestal Otero:

Juan Jesús Gestal Otero, muradán, nacido o 13 de agosto de 1947.

- *Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago (1970).*
- *Doutor en Medicina pola Universidade de Navarra (1974), sobresáinte cum laude coa tese: “Acheega experimental ao papel do hipotálamo na regulación da resposta inmune”.*
- *Especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública (1975).*
- *Médico de Sanidade Nacional por oposición (1975).*
- *Médico de Empresa (1976).*
- *Subxefe provincial de Sanidade e xefe de inspección de Sanidade e Saúde da Coruña (1975-1980), destacando a súa participación activa nas epidemias de cólera e mitilotoxismo.*
- *Director do Centro Comarcal e xefe de Sanidade de Santiago (1981-1985), destacando as actividades de hixiene escolar.*
- *Xefe de Sección de Medicina Preventiva do Hospital “Juan Canalejo” (A Coruña) e do “Hospital Xeral de Galicia” (Santiago).*
- *Director Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia, destacando a campaña de vacinación fronte á Meninxite C que permitiu controlar a epidemia.*
- *Xefe do Servizo de Medicina Preventiva e Saúde Pública do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.*

- *Catedrático de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade de Santiago de Compostela.*
- *Director do Departamento de Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública e Coordinador do Programa de Doutoramento Saúde Pública da Universidade de Santiago de Compostela.*
- *Profesor convidado das Facultades de Medicina de Coimbra, UBA e Maimónides de Bos Aires, Universidade do Nordeste (República Arxentina) e da Universidade Nacional San Luís Gonzaga de Ica (Perú); do Instituto Pedro Kourí da Habana, das Facultades de Dereito da UBA e Universidade Católica de Bonos Aires.*
- *Decano da Facultade de Medicina e Odontoloxía de Santiago de Compostela.*
- *Académico numerario da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Número 18 do escalafón (ingreso o 2 de Xuño de 1995). Cadeira: Medicina Preventiva. Discurso Apertura: “Enfermidades infecciosas emerxentes”.*
- *Académico Correspondente da Academia Nacional de Medicina de Bos Aires (1995).*
- *Cónsul “ad honorem” da República de Perú en Galicia.*
- *Foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade Nacional San Luís Gonzaga de Ica-Perú.*
- *Director do Máster de Saúde Pública, de Administración e Xestión Sanitaria e de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Santiago.*

Institucións científicas:

- *Presidente da Sociedade Galega de Medicina do Traballo (1991-1995).*
- *Membro correspondente estranxeiro da Sociedade Portuguesa de Medicina do Traballo.*
- *Membro de honra da Sociedade de Microbioloxía de Cuba.*
- *Membro de honra da Asociación Médica Arxentina.*
- *Membro da “Sociedade Española de Medicina Preventiva” e da “Galega de Prevención de Riscos Laborais”.*
- *Presidente da “Sociedade Galega de Medicina e Seguridade no Traballo” (1991-1995).*
- *Membro Honorario da “Sociedade Portuguesa de Medicina do Traballo”; da “Sociedade de Microbioloxía e Parasitoloxía de Cuba” e da “Asociación Médica Arxentina”.*

Publicacións, congresos e outras reunións científicas:

- *Autor de 38 libros, entre os que cabe destacar: Riscos do traballo do persoal sanitario. Medicina Preventiva e Saúde Pública. A meninxite en Galicia. Epidemioloxía da deficiencia, O flúor na prevención da carie dental, etc.*
- *Dirixiu 26 tese doutoral; 99 tesañas de licenciatura, e 15 proxectos de investigación.*
- *Presentou máis de 250 artigos científicos, relatorios e comunicacións en congresos nacionais e internacionais.*
- *Foi Presidente, entre outros, do “I Congreso Internacional” e do “VII Congreso Nacional de Hixiene e Medicina Preventiva Hospitalaria” (Santiago 1993).*

Premios de investigación:

- *“Barrié da Maza” (1980 e 1987),*
- *“Caixa Galicia” (1984)*
- *“Deputación de Pontevedra” (1981, 1982 e 1987).*
- *Medalla da “Sociedade Galega de Medicina e Seguridade no Traballo”*
- *Medalla da “Sociedade Española de Medicina do Traballo”.*

A todo o anterior, hai que engadirlle o recoñecemento expreso da Universidade de Santiago de Compostela, que nun solemne acto celebrado no Salón Nobre do Colexio de Fonseca, o pasado 1 de decembro deste ano 2017, recibiu de mans do Reitor da Universidade de Santiago Don Juan Viaño Rey, a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago, en recoñecemento a toda unha vida ao servizo da medicina.

Juan Jesús Gestal Otero, tivo e ten, unha profunda paixón pola terra que o veu nacer que quedou plasmada en innumerables iniciativas, colaboracións e dirección de actividades.

Son tantas e tan diversas que abranguen desde a participación primeiro e organización despois da festa de San Luís á creación dun grupo de teatro, que tamén dirixiu; do fomento do deporte coa configuración de torneos e campionatos de fútbol, baloncesto e balonmán á xestión e posta en marcha da Cabalgata de Reis de Muros; da iniciativa da construción o centro de saúde de Muros a celebrar varias asembleas de Decanos da Universidade de Santiago de Compostela en Muros; de presidir asociacións e entidades locais a estar sempre disposto a colaborar en calquera actividade sociocultural na que fora requirido polos seus veciños.

Por esas razóns, xunto ás múltiples virtudes persoais que o definen, a Asociación SORUM para a promoción da Vila de Muros outorgoulle o Premio SORUM 2012. Distinción que tiña como finalidade facer un recoñecemento expreso a aquela persoa vinculada con Muros, ben por razón de nacemento, lazos familiares, veciñanza, etcétera, que destacara pola súa importancia social e traxectoria profesional, académica, empresarial, etc. Porque, Don Juan Jesús Gestal Otero se distingue pola forte vinculación con todo o que ten que ver con Muros, coa súa historia, cultura, tradicións e coas súas xentes.

De rapaz formou parte dos «Luíses», congregación de mozos que organizaban a procesión e as actividades recreativas na festividade de San Luís: carreiras de cabalos na antiga alameda, captura de patos na dársena e outros xogos e cucañas para os máis cativos. Desta entidade foi presidente.

Tamén creou e presidiu a «Agrupación Artística Muradana», un grupo de teatro que durante os anos 1965 a 1970 escenificou nove obras na vila, en Louro e Carnota.

A el se debe a posta en marcha da prestixiosa «Cabalgata de Reis de Muros», organización que presidiu durante moitos anos e na que, co obxectivo de promover a identificación, o sentimento de pertenza e autoestima que serviran de estímulo ao progreso do municipio, se celebraban conferencias, exposicións así como os magníficos pregóns, conseguindo que os diferentes medios de comunicación (prensa escrita, radio e televisión) falasen de Muros.

Tamén concibiu e organizou o festival de «Míster Feo», creado en 1972 para o financiamento da Cabalgata e que perdurou ata o ano 1980. Foi o único certame deste tipo que se celebraba en Galicia por entón, e obtivo un enorme éxito nas súas oito edicións, onde se premiaba ao Súper feo de Galicia, ao feo local e ao feo foráneo.

Foi o fundador da «Banda de Cornetas e Tambores Don Diego de Muros», unha agrupación referente na bisbarra, á que sempre estivo vinculado. Precisamente por iso, con motivo do homenaxe celebrado este pasado mes de agosto ao seu primeiro director, foi invitado polos actuais dirixentes para que pronunciara o discurso oficial dese acto.

Ademais destes proxectos, foi o artífice de diversos eventos deportivos como a «Copa da Ría de Muros» de fútbol, e de campionatos de baloncesto e balonmán, entre outros.

Por non facer máis extenso o enorme bagaxe de intervencións que proxectaron moi positivamente o noso lugar de nacemento, convén destacar tamén a súa mediación

para conseguir que o primeiro «Centro de Saúde de Muros» fose unha realidade, xa que se esforzou en recoller sinaturas, entre médicos e demais sanitarios dos catro concellos da bisbarra, e tamén entre outros particulares e asociacións, para propoñer á Xunta de Galicia a súa construción e dotación, que se fixo realidade grazas ao seu esforzo e ao de outras moitas persoas que mediaron ante as autoridades autonómicas.

Máis recentemente, como membro do «Colexio de Decanos da Universidade de Santiago de Compostela» conseguiu que se celebrasen en Muros asembleas ordinarias desa entidade, aproveitando deste xeito a ocasión para enaltecer o noso municipio.

Do mesmo xeito, noutra mostra de amor a Muros, publicou o seu último libro: «Álbum de visitas da Facultade de Medicina de Santiago», que comeza no ano 1933 (sendo decano o muradano doutor Dº Antonio Novo Campelo) e remata en 2016 coa súa derradeira etapa como decano. Por certo, e como é sabido por todos, os dous únicos muradáns que, de momento, ostentaron o ilustre cargo de Decano da Facultade de Medicina de Santiago foron, precisamente, Dº Antonio Novo Campelo e Dº Juan Jesús Gestal Otero.

Así, polo exposto,

Solicitamos se admita esta proposición, se lle de trámite, é, en tempo, o Pleno da Corporación Municipal adopte o acordo de nomear a D. Juan Jesús Gestal Otero FILLO PREDILECTO xuntamente coa concesión da MEDALLA DA VILA DE MUROS.

Na vila de Muros, 26 de decembro de 2017

Asdo. María Xosé Alfonso Torres

Asdo. Inés Monteagudo Romero.

Voceira de CxG

Voceira do PP

Asdo. Caridad González Cerviño

Asdo. Manuel María García Fernández

Voceira do PsdeG-PSOE

Voceiro do BNG”

Iníciase o debate coa intervención da voceira do PP, a Sra. Monteagudo: “Queremos desculpar a nosa ausencia na comisión. Os méritos de D. Juan Jesús Gestal como docente e como profesional e como persoa implicada na vida de Muros é coñecida de todos e todas. Sempre leva por diante a súa consideración de muradán e fainos

partícipes dos seus triunfos. Esta proposta é o recoñecemento a un grande persoa e a un gran profesional. Coñezo e trato desde nena a D Juan. Jesús Gestal e é unha honra poder apoiar este recoñecemento.

Queremos saber cal é o procedemento a seguir para lévalo a cabo.”

A continuación intervén a voceira do g.m. PSOE, a Sra. González: “Como non pode ser doutra forma nós tamén somos impulsores deste nomeamento e cremos que todos e todas os que lle coñecemos sabemos que non ten dúbida o seu currículo e o que lle fai máis merecedor do proposto é que é o mellor embaixador deste concello. Sempre alaba a Muros e deféndeo onde sexa. Cremos que debe facerse da mellor forma posible, dándolle ao acto a categoría que se merece. Hai que falar con el para facelo para que se sinta a gusto e teña ao seu redor as persoas que queira. Creo que toda a veciñanza de Muros aplaudirá esta proposta.”

Seguidamente intervén o voceiro do BNG, o Sr. García “É unha satisfacción formar parte do Pleno que vai homenaxear ao Dr. Gestal como unha das persoas máis relevantes de Muros. Antes de ser o Dr. Gestal era unha persoa importante para este concello porque sempre estivo involucrado nas cousas de Muros. Quería que Muros fora un lugar dinámico, vivo e agora aínda que non está tan vinculada á vida muradana segue a levar a súa condición de muradá alí por onde vai.”

Intervén a Sra. alcaldesa: “Os méritos do Dr. Gestal son evidentes e non só pola súa profesión senón tamén pola súa implicación na vida social, cultural, de Muros. O máis bonito é que é unha homenaxe que se lle fai en vida do que poderá gozar en vida.

En canto ao procedemento, en principio neste Pleno aprobarase a proposta e o acto da concesión será nun Pleno extraordinario que se fará cando el queira. O lugar será o salón de plenos, se o aforo o permite, e senón faríase na Casa da Cultura que ten mellores condicións para un acto deste tipo. Organizarase contando cos catro grupos.

Sometido o asunto a votación, a solicitude de nomeamento de Dº Juan Jesús Gestal Otero como fillo predilecto e o outorgamento da medalla da Vila de Muros, obxecto do punto da Orde do día, quedan aprobados por unanimidade dos doce integrantes que de feito compoñen o Pleno e polo tanto coa maioría requirida na normativa reguladora.

B) PARTE DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

3. Dar conta para coñecemento das Resolucións da Alcaldía: da N° 783/2017 de data 02/11/2017 á 1050/2017 de data 29/12/2017(incluídas). E das Xuntas de Goberno Local nº.30 de 17/11/2017, e 31 de 19/12/2017

O Pleno queda enterado (Coa corrección da data da sesión nº 31 da XGL que é a de 27.11.2017).

4. Dación de conta do informe de morosidade 4ºT 2017

O Pleno queda enterado.

5. Dación de conta do período medio de pago 4ºT 2017

O Pleno queda enterado. O período medio de pago sitúase, para o 4T 2017 en 27.39 días.

6. Mocións

Moción do Partido Popular (PP) sobre o proxecto Faros de España.

A Sra. alcaldesa manifesta: “Hai unha moción do PP que non deu tempo a meter na Comisión Informativa e que segundo informa a Secretaría o seu contido non esixía informes nin outros trámites e meteuse na Orde do Día, pero como se mete sen informe de Comisión Informativa, debe de ratificarse a súa inclusión.”

A voceira do PP manifesta que considera beneficiosa a moción.

A voceira do PSOE manifesta que considera que non é a forma idónea de tratala porque segundo di noutras ocasións o PSOE presentou fóra de prazo mocións e non se fixeron constar na convocatoria, non entendendo di, porque se trata agora.

O voceiro do BNG manifesta que se segundo Secretaría a inclusión na Orde do Día é correcta, non hai problema pola súa parte.

Sometida a ratificación da inclusión na Orde do Día da moción, o Pleno polos votos a favor de CxG (3), PP (4) e BNG (2) e a abstención do Psoe (3) acorda ratificar dita inclusión.

Pásase ao debate da moción presentada pólo g. m. do PP:

“O faro de Louro constitúe un lugar emblemático do noso concello e de toda a ría de Muros, xa que a súa situación, ao pé do Montelouro, é imaxe da nosa ría en multitude de cartaces, fotografías, etc. A edificación pode ser susceptible de dedicarse, ademais do obxectivo principal, a outros usos, sinaladamente os turísticos, como se ven facendo noutros recintos similares con moito éxito, como pode ser o de Fisterra. O proxecto Faros de España, promovido polo Ministerio de Fomento e Portos do Estado, ten como propósito impulsar o desenvolvemento de actividades de tipo turístico nos espazos dos faros non destinados a instalacións propias do servizo que ofrecen, autorizándose unicamente as obras precisas para adaptalo aos usos que se propoñan, sen incrementos de volume ou superficie e preservando sempre o seu servizo como faro. A posta en marcha da ruta Faros de Galicia, promovida polos grupos de acción local do sector pesqueiro, e na que está incluído o faro de Montelouro, pode actuar tamén como promoción deste enclave. A existencia dunha instalación de hostalería no faro de Louro podería actuar como un polo de atractivo turístico para a parroquia de Louro e todo o concello de Muros, polo que consideramos de interese a posibilidade de incluír esta instalación no proxecto indicado. Polo exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Solicitar á autoridade portuaria competente, a inclusión do faro de Louro no proxecto Faros de España.”

Intervén D^a Inés Monteagudo: “É unha moción bastante simple e pensamos que o Faro de Louro é un lugar emblemático do Concello e da ría e parécenos que a edificación está pechada e pode ser susceptible de dedicarse a outros usos, por exemplo turístico ou social como noutros concellos. Trátase de solicitar a súa inclusión nese proxecto que quere impulsar actividades de índole turística nos faros. Ademais hai un proxecto do GAC, Camiño dos Faros, e se se aproveitan os dous proxectos pode ser algo que implique que o Faro de Louro sexa un atractivo turístico.”

Intervén seguidamente D^a Caridad González: “Queríamos facer unha emenda á moción porque como aquí hai dous faros por qué non incluír tamén o Faro de Rebordiño que é máis grande e está abandonado.”

D^a Inés Monteagudo responde: “Tamén o pensamos inicialmente pero ao parecer hai unha iniciativa particular para montar algo e ao mellor igual non é bo para os emprendedores que van a acometer alí un investimento. Decidimos formular inicialmente este faro e se sae ben pedir o outro.”

Volve a intervir a Sra. González: “Non ten porque ser un sitio de hostalería, non ten porque dedicarse ao mesmo ca os outros investidores. Se deixamos pasar por diante isto sen pór os dous quedaremos sen el.”

Na súa quenda o Sr. García, do BNG, expón: “A nosa proposta viña case igual ca a do PSOE. Entendemos que a iniciativa é positiva pero o uso práctico final do de Louro non é comparable co outro. Quizais estivera mellor primeiro o de Rebordiño. O de Louro é moi pequeno por dentro e non lle vexo posibilidades como negocio. Cremos que o faro do Concello con máis posibilidades de ter unha explotación viable e sostible é o de Rebordiño que son dúas edificacións que poden ter usos complementarios. Non temos idea de que se estea a facer nada para montar na antiga fábrica de Daniel, pero cantas máis prazas haxa máis xente virá. Canta máis oferta haxa mellor.”

A alcaldesa expón: “Entendemos que pode ser positivo que se inclúan os dous faros. Non creo que sexa un problema para a iniciativa que hai para a fábrica de Daniel.”

A Sra. Monteagudo manifesta que non teñen problema en incluír os dous faros na moción.

A Sra. González volve a intervir: “Queremos entender que se vai a incluír e queremos aproveitar para pedir ao Concello que a ver se cumprimos os requisitos para que este plan dos faros o poidamos aproveitar porque vai a ser difícil que nos dean calquera subvención coa cantidade de reparos que hai e dámos pena que todas esas oportunidades de acadar subvencións e melloras para Muros se perdan por non ser competentes para aprobar os orzamentos.”

O BNG móstrase, a través do seu voceiro, favorable a inclusión dos dous faros.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade dos 12 integrantes presentes, acorda aprobar a moción coa emenda recollida na sesión e

Solicitar á autoridade portuaria competente, a inclusión dos faro de Louro e Rebordiño no proxecto Faros de España.

Non se presentan mocións para ser tratadas de urxencia.

7. Rogos e preguntas

A voceira do g m PP, a Sra. Monteagudo manifesta:

“Empezamos cun rogo: na horta de San Xosé, onde está situada a caseta da caldeira, as silvas desbordan para a rúa do Calvario, molestando á veciñanza e a viandantes. A ver se por favor poden cortalas, e tamén se poden limpar as rúas de San Xosé e do Calvario que están cheas de *verdina*, xa non é a primeira vez que alguén esvara e escacha un óso. É unha zona de paso frecuente para a xente de San Roque, Campo de Cortes, usuarios/as da Escola de Música, etc. A ver se por favor as poden limpar.

- No Decreto 815/2017, do 10/11/2017 indícase que na obra *Mellora eficiencia enerxética 2ª fase*, a empresa adxudicataria comprométese a executar a obra nun día, pola necesidade de xustificar a subvención. Queremos saber se foron quen de xustificar a subvención (que polo que nós sabemos rematou o prazo o 30/09/2017) ou se tamén se perdeu como a de sinalización turística intelixente, na que o concelleiro de Facenda rexeitou a factura.
- O Decreto 924/2017 do 01/12/2017 fala de que: *na actualidade se está producindo unha revisión das necesidades de persoal do concello, con axustes de persoal, sen afectar a prestación dos servizos públicos*. Pódenos explicar cales son eses axustes de persoal aos que se refire?
- O Decreto 1030/2017 de data 27/12/2017 anula outro do 23/12/2017 no que se ordenaba o pago das actuacións realizadas polas distintas asociacións culturais do concello, queremos saber se finalmente se pagaron esas actuacións.
- Nos últimos seis meses celebráronse unicamente 6 sesións da Xunta de Goberno Local, unha media dunha por mes, cando a súa periodicidade debería ser semanal. Está vostede a gobernar a base de Decretos, que non parece dende logo nin o máis democrático nin o máis transparente. Pode dicirnos a que se debe isto? Por que non se están a celebrar as xuntas de goberno? Ten algún problema no seu equipo, Sra. Alfonso? Por iso non se están a facer as obras, pérdense subvencións, non se atenden as demandas da veciñanza, non se fai mantemento das instalacións municipais e vías públicas, non se inician as obras aprobadas, non se fan os orzamentos? Pensa pasar o que queda de lexislatura así, gobernando vostede soa, permitindo que se perdan servizos e cartos?
- Por qué na páxina web do Concello está unha acta dun Pleno que non está aprobada (a do 27/07/2017) e en cambio non están as que si están aprobadas dos meses posteriores? Cada certo tempo hai que avisarlle de que non se están publicando as actas, parece que toda a súa ansia de transparencia se quedou na emisión de vídeos en Internet, que non están ao alcance de toda a

veciñanza de Muros, xa que nin en Abelleira nin en Torea dispoñen de Internet. Que por certo, avanzaron algo neste tema?

- No Pleno do mes de outubro presentamos unha moción, que foi aprobada, para a ampliar a parada do bus na Avda. de Castelao, diante do quiosco de Roque. Queremos saber se fixeron o proxecto e pediron os permisos que nos comentou en plenos anteriores. Se non fixo nada, queremos que nos dea unha data para esta obra.
- Volvemos a pedir o amaño da caseta de Esteiro, os taboleiros da entrada están afundidos e hai perigo de esvarar e tropezar. As persoas usuarias son persoas maiores polo que a reparación debería xa terse feito. Queremos que nos diga unha data para esta obra.
- Cando teñen previsto empezar as obras da Rocha, da Ribeira do Maio e a de Torea? Anunciaron que despois de Reis empezarían, pero de momento, non se iniciaron. Sra. Alfonso teremos tamén que facerlle nós o cronograma das obras? Porque xa é o que nos falta.
- Hai algunha novidade en relación co expediente aberto pola Inspección de Traballo? Hai algunha novidade con respecto á situación de Espina y Delfín? Adoptou vostede como presidenta da Mancomunidade da Auga algunha decisión, emitiu algunha resolución, en definitiva, fixo algo?
- Hai unha rotura nunha tubaxe de saneamento que está vertendo ao río Valdexería. Fixeron algo para amañala e evitar o vertido ao río? Normalmente para saneamento e camiños destínase o POS da Deputación, pero xa que están atendendo con estes fondos outro tipo de obras, algo terán previsto para obras de saneamento e camiños, supoñemos, ou se van limitar a dicir que o faga a Xunta?
- Cal é a situación da concesión do cámping de A Vouga? E a do bar San Francisco? A dispoñibilidade de locais con certa capacidade de afluencia é cada día máis escasa en Muros, xa que están a pechar moitos locais nos últimos meses. Non dicimos que haxa unha relación causa-efecto entre este feito e o de que vostede ocupe a Alcaldía, pero si é certo que está diminuindo dunha forma importante a actividade hostaleira, tanto no casco como nas parroquias. Teñen pensado facer algo ao respecto? Algunha iniciativa, medida, proxecto... Algo, en definitiva, para paliar esta situación?
- A ordenanza de praias prohibe a presenza de cans en horario diúrno nas praias, vostedes, o goberno local, hai dous anos que veñen vendendo que esta ordenanza era para que os cans puideran estar soltos nas praias, pero o certo é que a súa proposta era unha prohibición total en calquera horario. A emenda

que presentou o grupo popular eliminou esa prohibición total, e agora está en mans da Alcaldía propoñer en que praias se vai permitir a presenza de cans. Ten pensado autorizar algunha praia para os cans? Ou a enquisa que fixo no Facebook, a promesa ao BNG de autorizar a praia de Bornalle, as promesas as asociacións animalistas, era todo outro *bluf* máis?

- Pode dicirnos a que procedementos de modificación de condicións laborais se refiren as facturas emitidas por Amoroso y asociados, SLU?
- Que pasa coas actividades da piscina? Xa se están impartindo as que se anularam?
- Na praza do Mercado hai dúas pedras soltas, unha xusto na baixada de Miraflores e outra diante da panadería París. Son perigosas para persoas e vehículos, e pedímoslle que as amañen.
- Falta pouco para o Entroido, aínda que sigamos coas luces de Nadal. Que palco teñen pensado poñer? Van poñer outra vez unha carpa con 50 escasas cadeiras? Sra. Alfonso, practicamente en todos os plenos lle pedimos que dende o goberno local teñan un xesto coas asociacións e clubs do concello, algo que vaia máis alá da mera convocatoria de subvencións (e iso cando a fan, que algún ano disque se "esqueceron", iso si, despois usaron os cartos para outras cousas) algo que dea alento, pulo, ánimo a todas esas persoas e colectivos que, dende Louro ata Esteiro, organizan concursos, carreiras, festas, andainas... En fin, aquelas actividades que noutros concellos fai o propio goberno local, e que aquí si existen é grazas á iniciativa e implicación de asociacións, clubs e persoas.
- Estamos seguros de que o Entroido vai constituír unha boa mostra dese bo facer, e pola nosa parte, felicitamos dende xa a todos os participantes. Pensamos que hai que facilitar a visibilidade de todo ese traballo, por iso queremos saber que teñen previsto para esas datas.
- E por último dous rogos: valoren a posibilidade de programar algún tipo de actuación (charlas informativas, actuacións preventivas, presenza da policía local ou similares) para incrementar a seguridade nas instalacións deportivas municipais, sinaladamente nos campos de fútbol, e isto dicímolo a raíz do incidente da pasada fin de semana no Eleuterio Balayo, que por sorte, non tivo consecuencias. Tamén lles pedimos que se fagan cargo da limpeza das instalacións municipais, polo menos en parte. Non parece razoable que un recinto público cun uso tan intenso como ten este non teña ningún tipo de mantemento ou limpeza por parte do Concello."

A Sra. alcaldesa responde: “Os rogos serán atendidos na medida do posible.

- Xustificouse a subvención da iluminación.
- Respecto aos axustes de persoal aos que se refire o decreto: Houbo varios e creo que ese axuste é polo que deixamos o GES con 12 persoas como todos os GES.
- Os pagos do Decreto 1030 están feitos e as Xuntas de Goberno Local facémolas sempre que é posible e estamos os tres membros do goberno e a secretaria.
- En canto aos servizos e os cartos non vale a pena contestar e falaremos coa persoa que leva a páxina web para poñer nela as actas que di.
- Os técnicos están traballando no relativo á parado do Bus.
- En canto á obra da Rocha, está adxudicada e asinado contrato, falta só a acta de reformulo e comezala.
- Respecto a Torea, fíxose o proceso de adxudicación e resultou que a mellor oferta está en baixa temeraria polo que déuselle o prazo previsto para a xustificación dela.
- Ribeira do Maio: Están en elaboración os pregos, pois xa chegaron os permisos que faltaban.
- Expediente de Inspección de Traballo: Estase a elaborar a RPT.
- Respecto ao de Espina e Delfín, en breves teremos unha xuntanza da Mancomunidade.”

O Sr. Quintela, por petición da alcaldesa, manifesta que xa está arranxada a rotura de saneamento mencionado.

Continúa a Sra. alcaldesa: “Os pregos de S Francisco están redactados pendentes de informe de Secretaría e Intervención.

- Cámping a Vouga: Está a concesión en vigor.
- Os cans irán á praia de Barreiro e a outra máis.
- As facturas de Amoroso, son facturas por representación en procesos laborais.”

Intervén por petición da Alcaldía o Sr. Uhía: “Hai un requirimento de Sanidade para que na piscina estea un monitor/socorrista e a responsable da piscina cubriu esas horas e danse as actividades cos/coas monitores/as e horas que sobran.”

Continúa a Sra. alcaldesa: “Está contratado un palco e unha carpa, o máis grande posible, para o Entroido.”

Intervén seguidamente a Sra. González:

“Un rogo: por favor que se repase a redacción das actas dos plenos.”

- Que pasa coas aulas de informática e contacontos de Louro?
- No 4º e 5º pleno da súa lexislatura dixemos que había un oco na estrada do camiño do Convento e segue estando alí.
- Que pasa co saneamento da Rocha? Quen é o xefe da obra?
- Trouxo aquí varias veces modificacións de crédito e REC que tiña que aprobar por acordo plenario pero hai máis de 500.000 euros aprobados por decreto. Vostede aprobou facturas por decreto, por que non meteu todas as demais para aprobalas por decreto?
- Por que non se inclúen os reparos na documentación do Pleno?
- En canto ao persoal: dende que vostede goberna houbo varias xubilacións, Cando vai a repoñer ese persoal?
- Cando vai a traer o orzamento porque a creación de prazas ten que pasar por un orzamento. Estamos desanimados porque vemos que prorroga un ano máis o orzamento de 2015.
- Houbo unha modificación da Lei para a creación de prazas de policía local. Por que este Concello non se sumou a esa creación coas carencias que hai na Policía Local de Muros? Supoñemos que por que non hai orzamento.
- Cando se aprobou a proposta de dinamización da rúa de arriba e do mercado e o único que se fixo foi desfacer unha obra que fixo o PSOE e de dinamización nada.
- Esa factura de Amoroso e asociados de 2.250 euros que vostede di que son honorarios de procesos xudiciais, son facturas de procesos xudiciais que lle presentaron o persoal e dános a impresión de que volven a ser facturas de *Henrique con hache*, de que procedementos son? *D. Henrique con hache* é tamén Amoroso e Asociados?.
- Hai algún encargado de controlar os mercadiños porque ultimamente hai bastante lío neles e non hai Policía Local.
- Hai algunha norma nova ao respecto? O outro día levantaron a instalación que o club de remo tiña vendendo camisetas para obter financiación para pagar o transporte para ir ás competicións e non obstante é habitual ver vender á xente alimentos sen permiso.
- Gustaríanos saber cantas reclamacións hai do persoal laboral, Policía Local e do GES.

- Cal é a débeda do cámping da a Vouga co Concello e que se fixo para reclamala?
- Hai un decreto, o nº 930/2017 de 5 de decembro no que se reclama a Caridad González 5.26 euros e parece ser que é unha plusvalía e queremos informarlle que Caridade González non vendeu senón que comprou e polo tanto non lle toca pagar.
- Como se está a pagar a Espina e Delfín que non ten contrato porque non lle deu preaviso. Fíxose algo para reclamarlle ese canon?
- Contestou ao alcalde de Carnota para o de pasarlle a Mancomunidade?
- Sabe de memoria cantos reparos ten?
- Canto leva pagado en costas de preitos perdidos?
- Hai un decreto no que di que vai a presentar un recurso contencioso por unha obra que vostedes aprobaron e pola que hai unha reclamación de 219.000 euros, pola que presentaron un recurso de reposición que perderon e tamén van a perder o contencioso por non ter fin de obra. Terán que devolver 300.000 euros dunha obra de cando gobernaba o partido popular.”

A Sra. alcaldesa responde:

“A aula de informática e o contacontos están pechadas por non ter persoal que as atenda.”

O Sr. Quintela por petición da alcaldesa explica: “O camiño do Convento a competencia non é do Concello é da Xunta, non obstante miráremolo.”

Continúa a Sra. alcaldesa: “Saneamento da Rocha, está pendente de que se faga a acta de reformulo e o director da obra é o aparelador municipal que está a estudar o Plan de Seguridade da obra “

- En canto ao lío que armou sobre REC e decretos de facturas, aprobo por decreto as facturas que se poden aprobar por decreto e sabe xa, que foi alcaldesa sete anos, cómo funciona isto polo que é grave que intente liar á xente.
- Os reparos dáse conta deles como indican Secretaría e Intervención.
- Hai límites para repoñer e contratar persoal, farémolo cando se poida e os que sexan precisos.
- Orzamento: Como vostede sabe estase a traballar nel. Non lle pedimos á oposición que o faga, preguntóuselles se tiñan algo que quixeran propoñer e vostede, co seu ánimo de colaboración habitual, non quixo propoñer nada. A

pesar diso imos a intentar aprobalos e veremos quen fai por aprobalos e quen non.

- En canto ao da Policía Local, volve a intentar liar á xente xa que o que se aprobou foi para que as prazas que haxa poida facer a Xunta a selección, pero non para crear máis postos. Aquí non hai vacantes.
- Di que non se fixo nada pola dinamización do casco de Muros e sabe que minte; fixéronse moitas actividades na praza do Mercado e trasladáronse postos para dinamizar a zona.
- En canto ás reclamacións dos procedementos de Amoroso, temos moitas reclamacións de persoal laboral que leva traballando aquí dende antes de que CxG gobernase. Hai moita xente que entrou gobernando vostede e ademais tivo vostede catro anos para regularizar esa situación. Eses procesos refírense á regularizacións de persoal en situación irregular.
- O encargado do mercadiño é o mesmo que cando vostede estaba.
- Non dei orde nin hai nova norma para que se levante o posto do Club de Remo.
- Non sei cantas reclamacións hai de persoal.
- Creo que non hai problema co canon da Vouga.
- O Decreto 930/2017; faga como calquera persoa unha reclamación e o funcionario que fai ese traballo verá se cometeu algún erro.
- Respecto a Espina e Delfín fíxose algo máis serio que o que vostede fixo.
- Non contei os reparos que teño e tampouco sei canto levamos pagado en costas de preitos perdidos, mirareino, e verá de que preitos se pediu ao Concello que se pagara costas que non se debía.
- Respecto a Ventín, efectivamente este Concello tivo que devolver 290.000 euros por esa obra, pero tamén traeremos información aquí porque hai unha reclamación a este Concello en 2014 que non se contestou e de aí parte a causa desa devolución. Como no 2014 non se fixo houbo que facelo agora.”

A continuación é a quenda do BNG:

“Nesta primeira sesión do ano, queremos saber da Alcaldía cal é o seu compromiso para levar adiante os acordos plenarios que aprobamos as persoas aquí presentes. Non traemos nin se queira todos os que non se cumpriron, traemos só algún polos que dar comezo e a medida que se vaian solucionando, seguir progresando. Por iso preguntamos:

- Comprométese a Alcaldía a buscar alternativas e solucións para poñer en marcha para este verán o Noitebús, aprobado cos seus votos a favor?
- Comprométese a Alcaldía a por en marcha a Mesa Sectorial para a Dinamización do Casco Histórico? Sabemos que se están a facer algunhas cosas, pero sempre sen normalizar as reunión dos distintos axentes sociais involucrados, o que resulta fundamental para que o traballo sexa constante no tempo e acade os resultados desexados por todas as partes, e ademais foi aprobado por esta corporación cos seus votos a favor.
- Comprométese a Alcaldía a investigar proactivamente as obras ilegais na illa da Creba, e indo máis alá, comprométese a buscar unha solución para que a illa sexa devolta ao seu lexítimo propietario que é o pobo de Muros?
- Comprométese a executar a reforma do cine París antes de que remate o ano?
- Comprométese a Alcaldía a dotar este ano que comeza de ADSL as parroquias de Abelleira e Tores?
- Comprométese a Alcaldía a solucionar neste ano a instalación do repetidor de TV en Santa Catalina?
- Comprométese a Alcaldía a negociar e aprobar uns Orzamentos para o 2018 que dean normalidade ao funcionamento deste Concello?
- Por que o polígono de Ventín quedou fóra do Plan de cableado de fibra óptica?
- Falou a Alcaldía co responsable para que solucionase a fochanca provocada polo paso de tubaxes para unha empresa da zona de Ventín?
- Rogamos que se amañe a beirarrúa do Furón.
- Rogamos que se sinalice correctamente os aparcadoiros no cruce de Bornalle para evitar poñer en risco aos vehículos que acceder á estrada principal.
- Rogamos que se alugue o palco da cabalgata para as actuacións do desfile do Entroido.

A alcaldesa responde: “Comprométome totalmente co que depende só de nós, o que non depende só de nós podemos pelexar pero non máis.

- Non sei por que quedou fóra o polígono do cableado e non falei con quen fixo a obra de Ventín. Comprométome a falar con el mañá.
- Respecto ao palco da cabalgata de Entroido, xa está contratada unha carpa e un palco alto, xa que se dixo que as comparsas podían ir para o pavillón pero a acústica non é a idónea, de aí que optáramos pola carpa e o palco. Buscouse que a carpa fóra o máis transparente posible.”

D^a Paula Simal manifesta se podería colocarse unha carpa para a xente e o palco fóra, ao que a alcaldesa contesta que revisará esa posibilidade.

Non existindo máis asuntos dos que tratar, levántase a sesión contra ás 22:10 h.

Do tratado nela, dou fe.